

Bases de Participación

1. PARTICIPANTES:

Poderán participar rapaces e rapazas, de entre 4 a 17 anos, presentando un único traballo por autor/a.

Haberá tres categorías:

A.- Nenos e nenas de 4 a 6 anos.

B.- Nenos e nenas de 7 a 10 anos

C.- Mozos e mozas de 11 a 17 anos.

2. CONDICIÓN TÉCNICAS:

As obras poderán ser realizadas con total liberdade de técnicas e de materiais, en tamaño non inferior a un formato DIN A4.

Cada participante concursará provisto de todo o material que poida necesitar para realizar a súa obra, incluído cabalete en caso de necesitalo. As obras deberán presentarse sen sinatura, incluíndo ao dorso os seguintes datos do/a autor/a: Nome, apelidos e idade.

3. DATA E LUGAR DE PRESENTACIÓN:

Os participantes presentarán o soporte físico da obra para ser selado o mesmo día 18 de xuño, entre ás 09:30 e ás 10:00 horas, no paseo do río Pego.

4. RECEPCIÓN DAS OBRAS:

As obras rematadas entregaranse no mesmo espazo do río Pego de 13:30 a 14:00 horas. Transcorrido este intervalo, darase por finalizado o tempo de realización e presentación de obras.

5. PREMIOS:

Haberá tres premios individuais para cada Categoría:

Categoría A:

1º Premio: Diploma e vale de 50 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Diploma e vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Diploma e vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

Categoría B:

1º Premio: Diploma e vale de 50 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Diploma e vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Diploma e vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

Categoría C:

1º Premio: Diploma e vale de 50 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Diploma e vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Diploma e vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

6. PROPIEDAD DA OBRA:

As obras gañadoras pasarán a ser propiedade do Concello de Brión.

7. XURADO:

O xurado será designado polo Concello de Brión a tal efecto e o fallo emitirse o día 19 de xuño de 2022, reservándose o dereito a declarar algún premio deserto, se o estimase oportuno. O veredicto do xurado será inapelable.

Máis información e inscrición: **Casa da Cultura**

CONSULTA AQUÍ
AS BASES COMPLETAS
DE PARTICIPACIÓN



IV Concurso de Pintura e Debuxo Infantil e Xuvenil

18 XUÑO | DENDE AS 9:30 h
PASEO DO RÍO PEGO

Encontro
coa
arte
LEMBRANDO A
Laxeiro
BRIÓN XUÑO
DE 2022